

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

16173 *Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

I

Ao longo dos últimos trinta anos os sistemas de garantía de depósitos asentáronse no contorno europeo como un dos elementos indispensables para garantir a confianza de aforradores e depositantes no conxunto do sistema bancario. En España, a temperá creación en 1977 dos primeiros fondos de garantía de depósitos en establecementos bancarios e en caixas de aforro, aos cales acompañaría posteriormente o de cooperativas de crédito, a través dun réxime de contribucións previas ou *ex ante*, constituíu ao mesmo tempo un síntoma da evolución do noso sistema financeiro e un impulso á súa modernización, nun contexto de cambios sociais, políticos e económicos cruciais na nosa historia recente.

As posteriores reformas daquel primeiro sistema de garantía, efectuadas ao longo de tres décadas, compréndense hoxe, coa debida perspectiva, como fitos singulares que acompañaron o progresivo desenvolvemento, en complexidade, capacidade e volume, do noso sistema financeiro. Un primeiro momento de revisión do sistema tivo lugar a principios dos anos oitenta, poucos anos despois da súa creación, xa que aínda que se percibiron os fondos como un valioso instrumento para afrontar os problemas do sistema bancario, constatouse que a complexidade xurídica e económica da crise dun establecemento bancario facía conveniente ampliar as posibilidades de actuación dos fondos, de modo que o seu obxecto non fose simplemente o de garantir os depósitos en caso de suspensión de pagamentos ou quebra dunha entidade, senón que alternativamente puidesen contribuir a reforzar a solvencia e o funcionamento das entidades, e evitar en última instancia un eventual, e posiblemente máis custoso, pagamento de depósitos.

Desde aquel momento, os fondos de garantía de depósitos españois mantiveron como un segundo sinal de identidade –xunto á contribución *ex ante*– o seu dobre obxectivo ou función: por un lado, garantir os depósitos en diñeiro (e máis tarde tamén en valores) constituídos nas entidades de crédito e, por outro, realizar aquelas actuacións necesarias para reforzar a solvencia e o funcionamento das entidades en dificultades, en defensa dos intereses dos depositantes e do propio Fondo. En definitiva, esa dobre función identifícase cun obxectivo inmediato e eventual, a garantía dos aforros dos depositantes, e un obxectivo mediato e permanente, o mantemento da estabilidade do sistema financeiro do país, a través da confianza dos depositantes. No sucesivo, tras o papel desempeñado en beneficio da estabilidade financeira na crise bancaria de finais dos setenta e principios dos oitenta, a dobre función dos fondos consolidárase como un elemento indispensable de seguridade das nosas institucións financeiras, xunto á regulación e á supervisión financeira.

Un segundo momento ou máis ben etapa de revisión do noso sistema de garantía de depósitos tivo lugar a partir de mediados dos anos noventa, directamente relacionado coa nosa participación no proceso de construción europea e, máis concretamente, coa integración financeira considerada imprescindible para a consecución dun mercado interior. Así, o Real decreto lei 12/1995 e as súas normas de desenvolvemento incorporaron ao ordenamento xurídico español a Directiva comunitaria 94/19/CE sobre sistemas de garantía de depósitos, cuxo principal fito foi a harmonización dun nivel mínimo de cobertura dos depósitos –20.000 euros– no conxunto da Unión Europea. Moito despois, en 2009, ese nivel alcanzará a cifra actual de 100.000 euros como cobertura de depósitos mínima e máxima para os 27 Estados membros da Unión Europea. Pódese

dicir, por tanto, que nesta segunda etapa de revisión do noso sistema de garantía aparece o elemento indispensable do contexto europeo: a integración financeira conduce inexorablemente á paulatina integración das redes de seguridade do sistema. En conclusión, nestes máis de trinta anos de historia do sistema español de garantía de depósitos, dos seus tres trazos característicos ou sinais de identidade, os dous primeiros, a súa dobre función de garantía de depósitos e reforzamento de entidades e a súa constitución como fondo de dotación *ex ante*, encóntranse fortemente consolidados, en canto que o terceiro deles, a súa inserción nunha rede de seguridade paneuropea, aparece como un destino necesario dentro dun proceso de harmonización aínda non finalizado.

II

Con estes antecedentes históricos, este real decreto lei constitúe un terceiro fito na revisión da regulación do sistema español de garantía de depósitos. Como as anteriores, esta revisión non resulta allea ao contexto e á evolución do noso sistema financeiro senón que, pola contra, ten lugar no momento de culminación da máis importante reestruturación financeira da nosa historia democrática. Despois de dous anos de reformas estruturais, cuxas pedras angulares son o Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, o Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforro, e o Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro, encontrámonos ante un momento culminante en que este real decreto lei opera como elemento de peche e garantía de coherencia interna do conxunto das reformas.

Unha vez finalizada a recapitalización do sector bancario de acordo co estipulado no Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro, e reestruturado o subsector das caixas de aforro, que no último ano pasaron de 45 a 15 entidades, aumentando o volume medio de activos das entidades de 28.504 millóns de euros a 85.512 millóns e equiparando a súa estrutura de goberno á dos bancos cotizados a través, fundamentalmente, da súa transformación xurídica en caixas de exercicio indirecto, o Goberno considera imprescindible completar as reformas adecuando a regulación do sistema español de garantía de depósitos á nova realidade do sector.

Dous son os principais obxectivos deste real decreto lei que culmina a recapitalización e reestruturación do sistema financeiro mantendo os seus trazos esenciais:

- A unificación dos ata agora tres fondos de garantía de depósitos nun único Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, que mantén as funcións e trazos característicos dos tres fondos aos cales substitúe.
- A actualización e fortalecemento da segunda función do sistema: o reforzamento da solvencia e funcionamento das entidades, tamén coñecida como función de resolución, co fin de garantir a actuación flexible do novo fondo unificado.

Ambos os obxectivos contribúen ao principio esencial que tanto as instancias financeiras internacionais como o Goberno da nación situaron na base da intervención pública ante a crise financeira: que sexa o propio sector financeiro quen asuma os custos ocasionados polo seu saneamento e recapitalización, co fin de que o conxunto de reformas non supoña custos para o erario público, en definitiva, para o contribuínte.

III

Este real decreto lei componse de tres títulos, divididos en trece artigos, unha disposición derogatoria, catro disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

O título I engloba como disposicións xerais os elementos definitorios do novo Fondo, elementos que replican no fundamental os previstos ata a data para os tres fondos extintos: trátase, fundamentalmente, da propia norma de creación e subrogación do

Fondo na posición xurídica dos fondos disoltos, da natureza e réxime xurídico de dereito privado e das normas sobre patrimonio e organización de goberno, a través da Comisión Xestora do Fondo integrada por representantes das entidades e do Banco de España.

Pola súa parte, os títulos II e III dedícanse, respectivamente, a desenvolver as dúas funcións do fondo: a garantía de depósitos e as actuacións en reforzo da solvencia e o saneamento de entidades. Trátase, por un lado, de proporcionar unha maior seguridade xurídica a unha lexislación sobre materia sensible que se encontraba dispersa ata este momento nunha pluralidade de normas; por outro lado, trátase de aumentar a capacidade e flexibilidade de actuación do Fondo en materia de reforzamento de capital de entidades, de tal maneira que sexa o propio sector quen se encontre en condicións de apoiar o fin do proceso desde a maior eficiencia.

Finalmente, as disposicións derradeiras prevén a derogación expresa dun prolixo conxunto de normas reguladoras dos fondos de garantía ata a data, a prol da consecución dun maior grao de seguridade xurídica. Pola súa parte, as disposicións transitorias diríxense a garantir un tránsito sinxelo e ordenado do sistema anterior baseado en tres fondos sectoriais ao novo Fondo único, regulando transitoriamente a composición da Comisión Xestora e o réxime de achegas ata o establecemento dun sistema baseado no perfil do risco de cada entidade no conxunto da Unión Europea. Explicítase, adicionalmente, a vixencia do Real decreto 2606/1996 e a restante normativa de desenvolvemento no que non sexa contrario a este real decreto lei.

A adopción das medidas previstas neste real decreto lei resulta imprescindible para reforzar a confianza no noso sistema financeiro e culminar o seu proceso de recapitalización e reestruturación. En efecto, a aplicación do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro, alcanzou o seu desenvolvemento practicamente pleno, de modo que é xusto neste momento cando resulta oportuna e inaprazable a reordenación do sistema de garantía de depósitos, co obxecto de activar todos os recursos financeiros dispoñibles. Adicionalmente, a especial sensibilidade da materia fai necesario evitar calquera eventual incerteza derivada do proceso de modificación da normativa, tal e como ocorreu en anteriores ocasións en que os sistemas de garantía de depósitos foi reformado, nos anos 1980, 1982 e 1995, respectivamente. Por todo isto a adopción de tales medidas exige acudir ao procedemento do real decreto lei por se cumpriren os requisitos do artigo 86 da Constitución española en canto á súa extraordinaria e urxente necesidade.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos e ministra de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de outubro de 2011, dispoño:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto lei ten por obxecto a creación do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

Artigo 2. *Creación do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

1. Créase o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, en diante o Fondo, co obxecto de garantir os depósitos en entidades de crédito ata o límite previsto neste real decreto lei. Así mesmo, o Fondo terá por obxecto a realización de actuacións que reforcen a solvencia e o funcionamento dunha entidade en dificultades, en defensa dos intereses dos depositantes, do propio Fondo e do conxunto do sistema integrado polas entidades de crédito adheridas a el.

2. Decláranse disoltos o Fondo de Garantía de Depósitos en Caixas de Aforro, o Fondo de Garantía de Depósitos en Establecementos Bancarios e o Fondo de Garantía de Depósitos en Cooperativas de Crédito, cuxos patrimonios se integrarán no Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito conforme o previsto no artigo 6, subrogándose este último en todos os dereitos e obrigas daqueles.

Artigo 3. *Natureza e réxime xurídico.*

1. O Fondo terá personalidade xurídica propia, con plena capacidade para o desenvolvemento dos seus fins, en réxime de dereito privado e sen suxeición ás normas reguladoras dos organismos públicos e das sociedades mercantís estatais.

2. O réxime fiscal do Fondo será o seguinte:

a) Estará exento do imposto sobre sociedades conforme o previsto no artigo 9.1.c) do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

b) Estará exento dos impostos indirectos que se puidesen xerar por razón da súa constitución, do seu funcionamento e dos actos ou operacións que realice no cumprimento dos seus fins, incluídos os que se puidesen xerar como consecuencia da disolución dos tres fondos preexistentes, da integración do seu patrimonio no do Fondo e da subrogación deste en todos os seus dereitos e obrigas conforme o previsto neste real decreto lei. Igualmente, manteranse as exencións vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei sobre as operacións gravadas por tributos indirectos cuxo importe se deba repercutir ao Fondo en virtude das disposicións de dereito interno ou comunitario que os regulen.

Artigo 4. *Funcións.*

Serán funcións do Fondo a de garantía de depósitos e a de reforzo da solvencia e funcionamento das entidades de crédito, conforme o previsto respectivamente polos títulos II e III deste real decreto lei e pola súa normativa de desenvolvemento.

O Fondo efectuará tales funcións en defensa dos intereses dos depositantes, do propio Fondo e do conxunto do sistema integrado polas entidades de crédito adheridas a el.

Artigo 5. *Entidades adheridas.*

1. Todas as entidades de crédito españolas pertencerán, con carácter obrigatorio, ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito previsto neste real decreto lei.

A obriga establecida no parágrafo anterior non será de aplicación aos establecementos financeiros de crédito, nin ao Instituto de Crédito Oficial.

2. As sucursais de entidades de crédito estranxeiras operantes en España incorporaranse ao Fondo nos supostos e na forma que regulamentariamente se determinen.

3. As entidades de crédito que non realicen debidamente as súas achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito ou incumpran calquera das obrigas que lles corresponden fronte a el poderán ser excluídas do Fondo, unha vez que fracasasen as medidas que se adopten para asegurar o seu cumprimento. Será competente para acordar a exclusión o titular do Ministerio de Economía e Facenda, por proposta do Banco de España e logo do informe da Comisión Xestora do Fondo.

Artigo 6. *Patrimonio.*

1. O patrimonio dos fondos de garantía de depósitos en caixas de aforro, establecementos bancarios e cooperativas de crédito integrárase no Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei. O Fondo subrogárase en todos os dereitos e obrigas dos fondos disoltos.

2. O Fondo nutrirase, nos termos que se determine regulamentariamente, con achegas anuais das entidades de crédito integradas nel, cuxo importe será de ata un máximo do 2 por mil dos depósitos aos cales se estende a súa garantía, en función da tipoloxía das entidades de crédito.

Cando o patrimonio non comprometido do Fondo alcance valores negativos, a Comisión Xestora poderá acordar, por maioría de dous terzos de todos os seus membros, a realización de derramas entre as entidades adheridas. Esas derramas distribuiranse segundo a base de cálculo das achegas, e o seu importe total non poderá exceder a contía necesaria para eliminar aquel déficit.

As achegas ao Fondo suspenderanse cando o fondo patrimonial non comprometido en operacións propias do obxecto do Fondo iguale ou supere o 1 por 100 dos depósitos das entidades adscritas a el.

Artigo 7. *Comisión Xestora.*

1. O Fondo será rexido e administrado por unha Comisión Xestora integrada por doce membros, seis designados polo Banco de España e seis polas asociacións representativas das entidades de crédito adheridas, nos termos previstos regulamentariamente.

2. Os representantes do Banco de España serán designados pola súa Comisión Executiva. Un deles será o subgobernador, que presidirá a Comisión con voto de calidade en caso de empate na votación dos acordos que se adopten. A súa vacante, ausencia ou enfermidade será cuberta, logo de designación pola súa Comisión Executiva, por un dos representantes titulares do Banco de España, quen será substituído, pola súa vez, na Comisión Xestora, por un dos membros suplentes.

Os representantes das entidades adheridas serán designados dous polas asociacións representativas dos bancos, dous polas de caixas de aforro e dous polas de cooperativas de crédito, nos termos previstos regulamentariamente.

As persoas designadas serán persoas de recoñecida honorabilidade comercial e profesional e posuirán coñecementos e experiencia adecuados para o exercicio das súas funcións. Na determinación das citadas condicións teranse en conta os criterios previstos no artigo 2 do Real decreto 1245/1995, do 14 de xullo, sobre creación de bancos, actividade transfronteiriza e outras cuestións relativas ao réxime xurídico das entidades de crédito.

Polo mesmo procedemento nomearanse dous representantes suplentes do Banco de España e un por cada un dos designados polas entidades adheridas, que substituirán os titulares en caso de vacante, ausencia ou enfermidade. No caso dos representantes das entidades, tamén deberán ser substituídos por indicación do presidente da Comisión Xestora do Fondo, cando a Comisión Xestora vaia tratar cuestións que afecten directamente unha entidade ou grupo de entidades con que estea vinculado como administrador, directivo, contrato laboral, civil ou mercantil ou calquera outra relación que puidese menoscabar a obxectividade das súas decisións, determinando a súa abstención.

3. A duración do mandato dos membros da Comisión Xestora será de catro anos renovables.

4. Os representantes das entidades de crédito adheridas ao Fondo cesarán no seu cargo polas causas seguintes:

- a) Expiración do termo do seu mandato.
- b) Renuncia.
- c) Separación acordada pola Comisión Xestora por incumprimento grave das súas obrigas, incapacidade permanente para o exercicio da súa función ou falta sobrevida de honorabilidade.

Os representantes do Banco de España cesarán, ademais de polas mesmas causas previstas no parágrafo anterior, por acordo da súa Comisión Executiva.

5. Para a validez das reunións da Comisión Xestora será necesaria a asistencia da metade dos seus membros. Os seus acordos adoptaranse por maioría dos seus membros. O membro que desempeñe a presidencia gozará de voto de calidade.

Non obstante, requirirase maioría de dous terzos para acordar a realización de derramas, conforme o previsto no número 2 do artigo 6, e para as medidas previstas no artigo 11.

6. A Comisión Xestora establecerá as súas propias normas de funcionamento para o debido exercicio das súas funcións.

TÍTULO II

Función de garantía de depósitos

Artigo 8. *Garantía de depósitos.*

1. O Fondo satisfará aos seus titulares o importe dos depósitos garantidos nos termos previstos regulamentariamente cando se produza algún dos seguintes feitos:

a) Que a entidade fose declarada ou se teña xudicialmente por solicitada a declaración en concurso de acredores;

b) Que, téndose producido o impagamento de depósitos, o Banco de España determine que a entidade se encontra na imposibilidade de restituílos inmediatamente por razóns directamente relacionadas coa súa situación financeira. O Banco de España tomará esta determinación o antes posible e, en calquera caso, deberá resolver dentro do prazo máximo que se determine regulamentariamente, tras ter comprobado que a entidade non logrou restituír os depósitos vencidos e exixibles.

2. O Fondo satisfará aos titulares de valores ou outros instrumentos financeiros confiados a unha entidade de crédito os importes garantidos cando se produza algún dos seguintes feitos:

a) Que a entidade de crédito fose declarada ou se teña xudicialmente por solicitada a declaración de concurso de acredores, e esas situacións comporten a suspensión da restitución dos valores ou instrumentos financeiros; non obstante, non procederá o pagamento deses importes se, dentro do prazo previsto regulamentariamente para iniciar o seu desembolso, se levanta o concurso mencionado.

b) Que, téndose producido a non restitución dos valores ou instrumentos financeiros, o Banco de España determine que a entidade de crédito se encontra na imposibilidade de restituílos no futuro inmediato por razóns directamente relacionadas coa súa situación financeira. O Banco de España tomará a dita determinación o antes posible e, en calquera caso, deberá resolver sobre a procedencia da indemnización dentro do prazo máximo que se determine regulamentariamente.

3. Todos os pagamentos que realice o Fondo en virtude dos dous números anteriores se realizarán en euros, ben en efectivo ou mediante outro medio de pagamento de xeral aceptación, valorándose para eles os valores ou outros instrumentos financeiros na forma que regulamentariamente se determine.

Polo mero feito do pagamento, o Fondo quedará subrogado nos dereitos do acreedor ou investidor correspondentes ao importe pagado, e será suficiente título o documento en que conste o pagamento.

No suposto de que os valores ou outros instrumentos financeiros confiados á entidade fosen restituídos por esta con posterioridade ao pagamento, dun importe garantido en función do número 2 deste artigo, o Fondo poderase resarcir do importe satisfeito, total ou parcialmente, se o valor dos que teña que restituír é maior que a diferenza entre o dos que foron confiados á entidade e o importe pagado ao investidor, e estará facultado, para tal fin, para allealo na contía que resulte procedente, segundo o procedemento e criterio de atribución e valoración que regulamentariamente se estableza.

Artigo 9. Outras garantías.

O Fondo indemnizará os investidores que confiasen a unha entidade de crédito adherida a eles recursos pecuniarios, valores ou outros instrumentos financeiros, para o seu depósito e administración ou para a realización dalgún servizo de investimento dos previstos na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, nos supostos previstos no artigo anterior. Esta cobertura terá a forma, prazo e alcance que regulamentariamente se determinen.

Artigo 10. Importes garantidos.

1. O importe garantido dos depósitos terá como límite a contía de 100.000 euros ou, no caso de depósitos nominados noutra divisa, o seu equivalente aplicando os tipos de cambio correspondente, todo isto conforme os termos previstos regulamentariamente.

2. O importe garantido aos investidores que confiasen á entidade de crédito valores ou instrumentos financeiros será independente do previsto no parágrafo precedente e alcanzará, como máximo, a contía de 100.000 euros, nos termos previstos regulamentariamente.

TÍTULO III**Función de reforzo da solvencia e funcionamento das entidades de crédito****Artigo 11. Medidas preventivas e de saneamento tendentes a facilitar a viabilidade dunha entidade.**

1. Sen prexuízo do previsto no artigo seguinte, cando a situación dunha entidade de crédito, segundo a información facilitada polo Banco de España, sexa tal que faga previsible que o Fondo quede obrigado ao pagamento, conforme as causas previstas regulamentariamente, o Fondo poderá adoptar medidas preventivas e de saneamento tendentes a facilitar a viabilidade da entidade para superar a situación de crise, no marco dun plan de actuación acordado pola entidade e aprobado polo Banco de España.

2. Todo plan de actuación que conteña medidas que requiran aprobación da xunta ou asemblea xeral da entidade afectada se considerará condicional e non se executará ata que recaian os acordos que o fagan posible.

Entrementres, se o require a situación da entidade, o Fondo poderá prestar axudas provisionais, sempre que se encontren debidamente garantidas, a xuízo da Comisión Xestora.

3. Ao adoptar estas medidas, o Fondo terá en conta o custo financeiro destas ao seu cargo, que se comparará cos desembolsos que tivese que realizar de optar, no momento da adopción do plan, por realizar en lugar deste o pagamento dos importes garantidos.

Artigo 12. Medidas de apoio á reestruturación e ao reforzamento dos recursos propios dunha entidade.

1. En caso de que se proceda á reestruturación ordenada dunha entidade de crédito realizada dentro do correspondente plan aprobado polo Banco de España nos supostos previstos no artigo 7.1 do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, a Comisión Xestora do Fondo de Garantía de Depósitos en Entidades de Crédito poderá decidir a dedicación a fondo perdido do patrimonio dispoñible deste ás entidades financeiras participantes na reestruturación ata o límite das perdas ocasionadas por tal operación.

Do mesmo modo, en caso de que se adopten medidas de apoio financeiro para o reforzamento dos recursos propios dunha entidade de crédito en virtude do artigo 9 do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, a Comisión Xestora do Fondo poderá decidir a

dedicación a fondo perdido do seu patrimonio dispoñible ás entidades financeiras participantes na operación de apoio ata o límite das perdas ocasionadas por tal operación.

2. A Comisión Xestora poderá acordar o previsto no número anterior tendo en conta o beneficio do conxunto do sistema de entidades adheridas e sempre que a estimación do custo ao seu cargo resultase inferior aos desembolsos que tivese que realizar de optar, no momento da adopción do plan, por realizar en lugar deste o pagamento dos importes garantidos.

Artigo 13. *Contido dos plans de actuación.*

1. O plan de actuación para unha entidade en crise a que se fai referencia no artigo 11 anterior que prevea axudas do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito poderá comprender as seguintes actuacións:

a) Axudas financeiras, que poderán consistir en axudas a fondo perdido, concesión de garantías, préstamos en condicións favorables, financiamentos subordinados, adquisición polo fondo de activos danados ou non rendibles que figuren no balance da entidade e calquera outro apoio financeiro.

b) Reestruturación do capital da entidade, que poderá comportar, entre outras medidas, a adecuada aplicación dos recursos propios da entidade para absorber as súas perdas, atendendo á singularidade de cada caso; facilitar procesos de fusión ou absorción con outras entidades de recoñecida solvencia ou o traspaso do seu negocio a outra entidade de crédito; subscripción polo Fondo de ampliacións de capital, conforme o disposto nos números seguintes, e a adopción polos órganos correspondentes da entidade afectada de todos aqueles acordos que aseguren a adecuada aplicación das axudas prestadas polo Fondo.

c) Medidas de xestión que melloren a organización e os sistemas de procedemento e control interno da entidade.

2. As medidas previstas neste artigo deberán ir encamiñadas a procurar a viabilidade da entidade nun prazo razoable, a xuízo do Fondo, ben reforzando o seu patrimonio e solvencia, ben facilitando a súa fusión ou absorción por outra de recoñecida solvencia ou o traspaso do seu negocio a outra entidade de crédito.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto lei e, en particular:

O Real decreto lei 4/1980, do 28 de marzo, polo que se dota de personalidade xurídica o Fondo de Garantía de Depósitos e outras medidas complementarias.

Real decreto lei 18/1982, do 24 de setembro, sobre fondos de garantía de depósitos en caixas de aforro e cooperativas de crédito.

O artigo 1 e os números 1, a excepción do parágrafo cuarto, e 6 do artigo 2 do Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito.

Disposición transitoria primeira. *Vixencia de determinadas normas.*

O Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito, permanecerá vixente no que non se opoña ao previsto neste real decreto lei ata que o Goberno aprobe a súa correspondente norma de desenvolvemento.

Así mesmo, permanecen vixentes a Orde ECO/318/2002, do 14 de febreiro, a Orde ECO/2801/2003, do 3 de outubro e a Orde EHA/3515/2009, do 29 de decembro.

As referencias aos fondos disoltos previstas na normativa vixente entenderanse realizadas ao novo Fondo e as referencias ás respectivas comisións xestoras entenderanse realizadas á nova Comisión Xestora do Fondo.

Disposición transitoria segunda. *Réxime de achegas.*

O réxime de achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito será o establecido neste real decreto lei e na súa normativa de desenvolvemento, ata o momento en que, conforme a normativa correspondente da Unión Europea, se desenvolva regulamentariamente un novo réxime de achegas baseado, ademais de no volume de depósitos, no perfil de risco de cada unha das entidades adheridas.

Disposición transitoria terceira. *Designación dos membros da Comisión Xestora.*

Os representantes das entidades de crédito e o Banco de España na súa Comisión Xestora serán designados conforme o previsto no artigo 7, dentro dos dous meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto lei.

Mentres non se proceda á elección no referido prazo dos novos membros da Comisión Xestora do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito conforme o previsto neste real decreto lei, os representantes das entidades adheridas nesta serán aqueles que formasen parte das comisións xestoras dos tres fondos extinguidos no momento da entrada en vigor do presente real decreto lei, e corresponderanlles conxuntamente o 50% dos votos totais da Comisión.

Igualmente, os representantes do Banco de España serán os que formasen parte das comisións xestoras dos tres fondos extinguidos, e corresponderanlles conxuntamente o 50% dos votos totais.

Disposición transitoria cuarta. *Procesos en curso.*

O previsto no título III deste real decreto lei resultará de aplicación aos procesos de reestruturación e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito que non se encontren concluídos ou que sexan susceptibles de produciren efectos xurídicos no momento da entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Habilítase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento, execución e cumprimento do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nas regras 6.^a, 11.^a e 13.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación mercantil, bases da ordenación do crédito, banca e seguros e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO